

# Galiciae

## Galiciae

Premio Xerais 2007

# Rexina Vega: 'A escrita cambia a realidade, é un instrumento poderosísimo'

*Etiquetas: libro*

*Anxa Correa, AGN (Santiago).* A escrita non é allea á realidade social. O proceso de recuperación da memoria histórica reflíctese tamén na literatura. E, ás veces, ten premio, como no caso de Rexina Vega (Vigo, 1966), que coa súa primeira novela, 'Contra o cardume' vén de gañar o Xerais de Novela.

**Pregunta:** ¿Que foi primeiro: a investigación ou a novela?

**Resposta:** En realidade, non podo deslindar unha cousa da outra. Polo meu traballo universitario coñecía bastante ben o que era o mundo do teatro na época da República e da Ditadura de Primo de Rivera. Pero a novela era unha necesidade que tiña de atoparme no pasado e de resucitar a mortos. En realidade, a obra é como unha cerimonia de 'ouija'. Non me plantexei facer unha investigación anterior, senón que foi xurdindo. Coñecía esta etapa do teatro, pero non a represión. O outro era a miña memoria, e quería contala. Unha vez que empecei, iso tivo un peso como documentación.

**P:** ¿Elixiu Vigo por algunha razón en particular?

**R:** A novela preséntase como unha memoria familiar de ficción, na que se mesturan feitos reais e feitos ficcionais. Está relacionada con Vigo porque aí se desenvolveu a miña historia persoal. Penso que realmente Vigo é protagonista, porque o fresco que se ve está enraizado coa realidade dos anos 20 e 30 desa cidade.

**P:** ¿Cal é esa realidade?

**R:** Hai dous protagonistas principais antagónicos que simbolizan dúas maneiras de estar na cidade. Por un lado, temos unha personaxe cínica, escéptica, arribista, que se intenta facer un oco nese momento no que se está construindo a cidade por un método rápido e por medios ilícitos. Logo hai outro protagonista que ten que ver co mundo do galeguismo de preguerra, un dramaturgo que ten existencia real. É Urbano Rodríguez Moledo, que desenvolve a súa actividade nos ateneos libertarios e no barrio de Lavadores. Quería recuperar esa vida cultural e reflectir nese dramaturgo unha vía de conciencia social que está xurdindo nese momento en Vigo dende posicións moi inxenuas, moi franciscanas. Entre estes dous polos, transcorre toda a cidade.

**P:** ¿Queda patente o presente das personaxes na novela?

**R:** Si, é unha novela de transmisión de memoria. A Guerra Civil é importante, porque xunto coa represión dos primeiros anos é o elemento que ata a todos os protagonistas da novela. Pero chega ata os nosos días e retrata as neuroses que temos todos e as pegadas do conflito bélico que quedan na nosa vida colectiva. Amosa como se van transmitindo os feitos, pero tamén as actitudes, os medos, e esa parte de culpa que temos como sociedade.

**P:** ¿Cantas novelas farán falla para curar a ferida da Guerra Civil?

**R:** Aínda necesitamos construír memoria, aínda hai que levantar moita acta para construír a memoria colectiva. E por outra banda, a Guerra Civil é un gran tema, dunha potencia literaria impresionante. No Arquivo Militar do Ferrol puiden acceder ao proceso de guerra de Urbano Rodríguez Moledo, e impresionoume que as probas inculpatórias que o levaron á morte foran unha traxedia de amor, unha historia desfasada e folletinesca. Hai cantidade de historias, cun poder literario impresionante e metafórico que aínda están por contar. Un creador non pode substraerse a esa capacidade de suxestión tan enorme que ten ese período histórico.

**P:** ¿Cre nese carácter “revolucionario” da escrita do que falou Teresa Moure na entrega dos premios?

**R:** Si, sen dúbida. A escrita cambia a realidade, é un instrumento poderosísimo que nos fai diferentes. É un poder fundamental.

**P:** ¿Que procura do lector?

**R:** Que pacte comigo. Teño unha escrita reflexiva, unha escritura densa, e pídolle que reflexione comigo e se emocione coa palabra. Sobre todo, quero sacar un pouco de emoción e reflexión, non aleccionar a ninguén.

**P:** ¿Que ten de transgresora a súa obra?

**R:** É transgresora no xeito de narrar. O modelo de narración é diferente ao que se acostuma. É unha novela sen diálogos, na que unha narradora a que mantén a historia e fragmenta o relato de xeito moi claro. A novela pide un lector activo que vaia atando cabos. É como un puzzle que se vai armando. Por outra banda, trátase dun xénero pouco habitual, porque é unha autobiografía de ficción feita con vidas alleas.

**P:** ¿Hai algunha pegada perceptible de Álvaro Cunqueiro?

**R:** Resúltame moi difícil velo, non son a miña mellor crítica. Os críticos si que o detectaron. A novela é como un álbum de imaxes, de recordos. Ten unha parte narrativa, pero pódese ver como unha suma de fragmentos que dá unha historia. Nesas imaxes hai ás veces fugas cara ao fantástico, e polo tanto si que se pode ver unha relación con Cunqueiro. E logo hai chiscadelas no medio do texto que son frases de Cunqueiro, hai pequenas homenaxes, sen dúbida. Con todo, non creo que sexa unha novela cunqueiriana, aínda que sexa unha estudosa da súa obra e se poidan atopar trazos.

**P:** Que lle desen o premio coa súa primeira novela, ¿reflicte quizais que se precisa unha maior frescura na novela?

**R:** Non o sei. O xurado estaba convencido de que ao abrir a plica atoparían a alguén con obra xa publicada. Pode ser unha 'opera prima' en narrativa, pero non é a miña 'opera prima', porque xa levo moito publicado en ensaio. O oficio de escritura si que se nota. Non é a obra de alguén que empeza a escribir, nótaseme moita bagaxe.

**P:** Pero polo menos con este premio si que naceu unha nova novelista...

**R:** Si, espero seguir por esta vía claramente. Xa lle estou dando voltas á miña próxima novela. Non vai ter nada que ver coa memoria e coa guerra, será algo completamente diferente.

**P:** ¿Por que postergou tanto ese afán literario?

**R:** Penso que por medo. E porque dalgún xeito sublimei o desexo de escribir por medio do ensaio e da crítica cultural. Coas presións de estar sempre escribindo un ensaio, unha ponencia, un artigo... intentaba xustificar o feito de que non escribise o que realmente quería. E así o fun adiando, ata que dixen que non podía ser máis.

**P:** ¿En que medida os premios inflúen na súa selección como lectora?

**R:** Os premios fan mella queiras ou non. Ao final somos todos un pouco mitómanos e si que inflúen, aínda sabendo que moitas veces os premios se equivocan.

**P:** ¿Logrou descifrar quen se agochaba baixo os outros lemas finalistas?

**R:** Non, e ademais é terrible, porque a diferenza entre os tres finalistas de 24 novelas presentadas, trala criba, é moi pequena. ¡É tan inxusto que de súpeto todos os focos vaian cara o un e o resto queden no silencio máis absoluto! É un rapto de sorte moitas veces, e son consciente de que podía ser unha finalista. Pero supoño que acabarán publicando igualmente ou gañando outro premio.

15/06/2007